



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 39)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **oito de outubro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día un de outubro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO B NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Aos efectos de aprobación do expediente de subministración de gasoleo B na Granxa Provincial Gayoso Castro, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FSQA72BVILSG32J6RMQRFAM.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7FS7D4ZR7KUTE3ZVNAO7QDCA.

Prego de prescricións técnicas, PPT con CSV: IV7FSDKOCEMS7KHMBUPH6FSOCQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7FSDSNZUBM6VNJYQNU4ERSII.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7FSGBTPQ54J2JKVQVUPZREKA.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7FSKH2JU4MZJJYRQGWEAJE4I.



Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración da subministración de gasóleo B na Granxa Provincial Gayoso Castro.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterio de puntuación, que se recolle para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, considerando a sinxeleza das operacións a realizar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con un único criterio de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 18.145,60 euros (IVE engadido correspondendo a partida do IVE a 3.149,23 €), con cargo ó orzamento das anualidades 2021 e 2022, atendendo a seguinte desagregación:

ORZAMENTO S/IVE 2021	IVE 2021	ORZAMENTO S/IVE 2022	IVE 2022	ORZAMENTO TOTAL IVE ENGADIDO
2.499,39	524,87	12.496,98	2.624,36	18.145,60

ANUALIDADE	Doc. contable	Importe s/IVE	IVE 21%	Total co IVE
2021	RC: 22021/30198	2.499,39€	524,87€	3.024,26€
2022	RC: 220219/580	12.496,98€	2.624,36€	15.121,34€
	TOTAL	14.996,37€	3.149,23€	18.145,60€

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 3.024,26 € para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO RELACIONADOS NO ANEXO I DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes do servizo de control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Orden de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7HYCA3YAED75OPAUMSMX2GFY¹.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FS62JBWYVKZLQVHVGJJAGA.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, con CSV: IV7FS62JD5M2Z5FICBFGIADHCU.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7EQLJ4IF4CVLBMCTVVGYIWCML.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7FSEJJKDMNKXWUL2BUFIYBECY

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FSEJJFRFCTSFPTXXWIRRQ4A.

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7FSKQCPQRSZZF4YQASENXTOA

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de mantemento e conservación de edificios da Deputación de Lugo relacionados no Anexo I do Prego de Prescricións Técnicas. Expediente Nº: 2021/CON_02/000020.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do

contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 266.281,07 euros para unha duración de dous anos. O orzamento base de licitación inclúe 46.214,07 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 220.067,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O prezo total incluído IVE ascende a 266.281,07 euros e financíase de acordo as seguintes anualidades:

CENTRO	Aplicacións	2021	Documento RC	2022	Documento RC	2023	Documento RC
Pabellón n.º 4 y Capilla de Santa María	2413.212	4.235,00 €	22021/15500	16.940,00 €	2220219/243	12.705,00 €	220219/243
Museo Provincial	3330.212	10.587,50 €	22021/15501	42.350,00 €	2220219/244	31.762,50 €	220219/244
Pazo dos Deportes e Pabellón Anexo	3420.212	4.547,63 €	22021/15502	18.190,51 €	2220219/245	13.642,93 €	220219/245
Escola de Piragüismo	3421.212	302,50 €	22021/15503	1.210,00 €	2220219/246	907,50 €	220219/246
Museo de San Paio de Narla	3331.212	4.537,50 €	22021/15504	18.150,00 €	2220219/247	13.612,50 €	220219/247
Museo do Mar	3333.212	3.025,00 €	22021/15505	12.100,00 €	2220219/248	9.075,00 €	220219/248
Museo do Pazo de Tor	3332.212	6.050,00 €	22021/15506	24.200,00 €	2220219/249	18.150,00 €	220219/249
SUMA		33.285,13 €		133.140,51 €		99.855,43 €	
TOTAL						266.281,07 €	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican do orzamento de gastos do 2021, polos importes relacionados, para a anualidade 2021.

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2022 e 2023, as cantidades indicadas, nas aplicación sinaladas.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE



PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DÚAS MÁQUINAS COMPACTADORAS USADAS, ASÍ COMO A RETIRADA DOUTRAS DÚAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de subministración de dúas máquinas compactadoras usadas e retirada doutras dúas, para o Parque Móbil Provincial, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FRSR6JINDLTP6UDVWIY7F6Q.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FRSR6EEGN7G4L7XWQOMDPKM.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7FWXYMNUXJ4VBTUMFGOBTEOL.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7FSEKDLNRNZ2PD7X4NJ4BAAA.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FSEJLMFH6QXMJAQWNIH3X6U.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de dúas máquinas compactadoras usadas e retirada doutras dúas, para o Parque Móbil Provincial, con prazo de entrega e retirada de 30 días naturais, contados a partir da sinatura do contrato administrativo, sen posibilidade de prórroga (salvo excepción feita no artigo 195.2 para atrasos ou demoras).

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á

natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP, en base á mellor relación calidade-prezo; e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o orzamento base de licitación que ascende a 74.000 euros, aos que se sumarán 15.540 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 89.540 euros. O orzamento base de licitación non contempla a recollida das dúas máquinas contempladas no PPT).

5º.- Aprobar o gasto, por importe de 88.340,00 euros (IVE incluído), resultado de restar ao orzamento base de licitación a cantidade a pagar polas máquinas que serán recollidas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2021.



Escrito do Concello de O Corgo, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimentos 65-66-67 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. (PUC/21).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de O Corgo, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (65-66-67) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III

ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de O Corgo presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
O CORGO	65	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DENDE A ESTRADA N-VI A SANFIZ DE BERGAZO A CAMPELO, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	2.767,24€
	66	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO 014 004 E 014 039 DESDE CTRA LU-P-2918 (DE P,K 0+000 EN ARXEMIL A P.K. 2+202 ENLACE DE BOELLE) E RAMAL A ESCOLA DE ARXEMIL, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	1.251,01 €
	67	ACONDICIONAMENTO DE PISTA EN DONALBAN - LAXOSA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	59,00 €

Por escrito de data 30/09/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
O CORGO	REM	ACONDICIONAMENTO DE PISTAS MUNICIPAIS: MESÓN DE CALDEIRO-CAMPELO, A CAMPA-SAN COSME DE MANÁN, ACCESO A VEIGA-CERCEDA	1531.76201	27.918,51 €	4.077,25€	31.995,76€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación,



someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de O Corgo, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de O Corgo e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSTIMENTO
O CORGO	REM	ACONDICIONAMENTO DE PISTAS MUNICIPAIS: MESÓN DE CALDEIRO-CAMPELO, A CAMPA-SAN COSME DE MANÁN, ACCESO A VEIGA-CERCEDA	1531.76201	27.918,51 €	4.077,25€	31.995,76€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza coa finalidade común de colaborar na execución de: Parque infantil Praza de Bretoña.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pastoriza para a execución dos fins común de Parque infantil Praza de Bretoña, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de A Pastoriza con número de expediente no GTM: 2021/PES_03/018802, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7FSSC4ZHR57PU36VAXEUZTE4.

Borrador de convenio con CSV: IV7FSSC4ZF53XXGZYYEUCB3FKE.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7FSSAKBANSLSVPVUUBOZHTNY.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Parque infantil Praza de Bretoña, con un orzamento total de 34.989,57 euros.



2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 34.989,57 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE SOLICITUDE, SE PROCEDE, ANTE O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA, DAS AXUDAS PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTOS PILOTO DE PLANES DE ACCIÓN LOCAL DA AXENDA URBANA ESPAÑOLA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Innovación e Participación Cidadá onde textualmente se di:

“Con data 13 de setembro de 2021 o Ministerio de Transportes, mobilidade e axenda urbana (MITMA) publica no Boletín Oficial do Estado núm. 219 a Orde TMA/957/2021, de 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva.

Resumo da orde.

Segundo establece na súa exposición de motivos:

A Axenda Urbana Española (AUE) aprobada polo Consello de Ministros o 22 de febreiro de 2019, é a Política Nacional Urbana que, de forma estratéxica e cunha metodoloxía precisa e detallada, define e desenvolve os obxectivos –xa recoñecidos polas Axendas urbanas

internacionais– para conseguir un desenvolvemento urbano sostible medioambientalmente, cohesionado socialmente e economicamente competitivo. Froito dun amplo consenso derivado do proceso de participación posto en marcha para o efecto, esta política nacional urbana de marcado carácter integrado, holístico e transversal, reconece o papel fundamental das Entidades Locais para levar a perseguida sustentabilidade a todos os pobos e cidades, con independencia do seu tamaño e poboación. Mediante o recoñecemento dun decálogo de obxectivos estratéxicos, reclama actuacións concretas cun enfoque integrado que engloban:

A ordenación do territorio e o uso racional do chan.

O modelo de cidade e a revitalización da cidade existente, evitando a dispersión urbana.

A necesidade de atender aos impactos do cambio climático desde os fenómenos urbanos.

A xestión sostible dos recursos e a economía circular.

O fomento da proximidade e dunha mobilidade sostible.

A procura da equidade e unha maior cohesión social.

O impulso da economía urbana.

A garantía do acceso á vivenda.

O impulso da innovación dixital.

A necesaria mellora dos instrumentos de intervención existentes na actualidade.

A implementación desta importante Estratexia resulta clave para lograr a necesaria transición verde, dixital e cohesionada socialmente, desde unha diversidade de ámbitos e sen perder de vista o carácter holístico e integrador.

Así mesmo, noutro punto establece:

Esta axuda dirixida ás Entidades Locais responde, ademais, á necesidade de que as mesmas se adapten aos novos condicionantes das axudas europeas que, cada vez con maior frecuencia, reclaman a elaboración de verdadeiras estratexias de cidade, integradas e transversais, superando o estrito réxime de competencias establecido en materia sectorial. Este é, basicamente, a mensaxe da Nova Carta de Leipzig, aprobada o 30 de novembro de 2020, na Reunión Informal de Ministros da UE responsables de Desenvolvemento Urbano, documento que marca os seguintes pasos da Axenda Urbana para a UE.



No seu artigo 1 a convocatoria determina o obxecto e finalidade das axudas:

Obxecto: Financiar a elaboración de proxectos piloto de Plans de Acción local da Axenda Urbana Española que garantan, nun prazo razoablemente curto, a súa aliñación cos obxectivos, a metodoloxía de traballo e o enfoque transversal, estratéxico e integrado propostos por aquela. Devandito prazo non poderá exceder dun ano para contar desde a publicación da presente convocatoria.

As finalidades destes proxectos estriban en:

a) Dotar ao proceso de implementación da Axenda Urbana Española de Plans de Acción a escala local que permitan aterrizar de forma efectiva e nos devanditos territorios os obxectivos de sustentabilidade social, económica e ambiental nas súas políticas específicas de desenvolvemento urbano.

b) Poder servir de modelo e guía, como experiencias piloto, para que outras Entidades Locais interesadas poidan elaborar os seus propios Plans de Acción con certezas e eficacia, en prazos razoablemente curtos.

c) Dispoñer dun sementeiro de proxectos e actuacións concretas que poidan ser abordadas materialmente e que visibilicen o potencial da Axenda Urbana Española para traballar nas áreas urbanas de calquera municipio, independentemente do tamaño, de maneira transversal e integrada, con visión estratéxica e a través dun modelo de gobernanza que garanta a máis ampla participación, con independencia do horizonte temporal previsto, das fontes de financiamento dispoñibles e da confluencia de actores diferentes.

Na web do Ministerio (https://www.mitma.gob.es/ministerio/proyectos-singulares/prtr/vivienda-y-agenda-urbana/programa_ayudas_proyecto_piloto_accion_local) determina que o Plan de acción decidiran as propias Administracións públicas, cada unha na súa propia esfera competencial e o sector privado, a sociedade civil, a academia, as Ong, etc. Todos eles no marco das súas necesidades, capacidades e expectativas.

A AUE detalla os principios, obxectivos, criterios e pautas de actuación que permitirán lograr un desenvolvemento urbano sostible e integrado de pobos e cidades. Sobre a base dos seus obxectivos, poderase elaborar un Plan de acción propio de cada Entidade Local, engadindo, no seu caso, un cronograma de priorización de actividades, o posible financiamento para cada unha das accións e un procedemento propio de autoavaliación e seguimento.

Un Plan de acción para implementar a AUE require a elaboración dun diagnóstico de situación que identifique e analice os principais retos que expoñen as políticas, plans, programas e actuacións con incidencia nos modelos urbanos e dunha formulación dos obxectivos estratéxicos aos que un determinado número de accións concretas permitirán contribuír, todo iso de maneira integrada e transversal. Cada Plan de Acción que se elabore coa finalidade de implementar a Axenda Urbana debe constituír, total ou parcialmente, unha verdadeira estratexia a medio e longo prazo. Non se trata, por tanto, de sumar proxectos e actuacións concretas e conxunturais, aínda que poden complementar, nin tampouco de aprobar meras declaracións de intencións, senón de estratexias que teñan como fin último e específico a acción.

No artigo 2 determina que o procedemento a seguir é o de concorrência competitiva.

No artigo 3.1.a) determina que terán a condición de beneficiarias destas axudas, entre outras, as Deputacións Provinciais.

No artigo 4 establécese a contía das axudas:

A contía das axudas consistirá nunha cantidade fixa por beneficiario, tendo en conta os diferentes limiares de poboación segundo as cifras oficiais do Padrón referidas ao 1 de xaneiro de 2020 e publicadas polo INE. Todo iso atendendo aos seguintes tramos:

- 1) Menos de 5.000 habitantes: 50.000 euros.
- 2) Entre 5.001 e 20.000 habitantes: 100.000 euros.
- 3) Entre 20.001 e 50.000 habitantes: 150.000 euros.
- 4) Entre 50.001 e 100.000 habitantes: 200.000 euros.



5) Entre 100.001 e 300.000 habitantes: 250.000 euros.

6) Máis de 300.001 habitantes: 300.000 euros.

As Deputacións Provinciais, Cabidos e Consells Insulares, e as agrupacións de Entidades Locais asimilaranse ao tramo que corresponda en función da poboación que resulte beneficiada polo Plan de Acción proposto.

Outorgaranse axudas ata un máximo de 20 proxectos piloto para cada un dos tramos 1 a 5 referidos no apartado anterior, e ata un máximo de 10 proxectos no caso dos municipios con máis de 300.001 habitantes e outros 10 para proxectos de Deputacións Provinciais, Cabidos e Consells insulares e agrupacións de Entidades Locais.

No seu artigo 5 establece como requisito condicionante para a participación nesta convocatoria de axudas a acreditación de atoparse nalgunha das seguintes situacións:

a) Iniciar os traballos de elaboración dos Plans de acción aos que se refire o artigo 1 con anterioridade á data da publicación desta convocatoria e superar o proceso de avaliación que permitiu identificalos como proxectos piloto da Axenda Urbana Española.

b) Iniciar os traballos de elaboración do Plan de Acción pero non superar aínda o proceso referenciado na letra a),

c) estar en disposición de realizar un proceso de integración de plans, programas e actuacións preexistentes que garden relación cos obxectivos estratéxicos da Axenda Urbana Española e que, aliñándoos con novas iniciativas que os complementen, sexan susceptibles de conformar un Plan de Acción en aplicación da metodoloxía de traballo e o enfoque transversal, estratéxico e holístico propostos por aquela.

Serán igualmente requisitos condicionantes para a participación nesta convocatoria de axudas:

a) Asumir formalmente o compromiso de poñer ao dispor do Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana o Plan de Acción aprobado definitivamente, para que este permita o seu coñecemento xeneralizado a través da páxina web da Axenda Urbana Española e

b) Subscribir o compromiso de remitir ao Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana a información derivada da avaliación e seguimento do citado Plan de Acción, mediante o sistema de indicadores proposto pola Axenda Urbana, polo menos cada tres anos durante o tempo de vixencia previsto para o Plan de Acción.

Para a presentación de solicitudes, ademais da documentación usual para calquera subvención cómpre xuntar, tal e como establece o artigo 7, o acordo adoptado polo órgano local correspondente polo que se asume o compromiso de elaborar o Plan de acción de conformidade coa metodoloxía da Axenda Urbana, así como o de asumir as previsións do artigo 5. O acordo incluírá tamén unha memoria ou proposta de traballo, cunha extensión non superior a dez páxinas, que desenvolverá os seguintes contidos:

A motivación do solicitante para elaborar o Plan de Acción.

A identificación do órgano e proceso elixido para liderar ou coordinar a articulación transversal e integrada dos diversos intereses sectoriais implicados.

A relación de plans, proxectos e actuacións nos que xa se está traballando, aliñados cos obxectivos estratéxicos da AUE.

A identificación provisional dos principais retos do Municipio ou Entidade e unha previsión das posibles actuacións ou medidas coas que se pretendan afrontar, tamén aliñadas cos obxectivos da Axenda.

O cronograma ou calendario de traballo previsto para a elaboración do Plan e a proposta orientativa de orzamento para a elaboración do Plan de Acción e as súas actuacións asociadas.

O artigo 8 establece os gastos que se consideran subvencionables. Serán aqueles que resulten estritamente necesarios para a consecución do obxecto desta convocatoria, coas garantías de calidade que require a mesma e de conformidade cos requisitos da metodoloxía que require a propia Axenda Urbana, así como aqueloutros que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade e realícense con anterioridade á finalización do prazo previsto para a aprobación



definitiva do Plan de Acción local da Axenda Urbana Española, ou que se realizaron a partir do 1 de marzo de 2020.

Será gasto directamente subvencionable o realizado por parte do petionario coas seguintes finalidades:

a) O deseño, elaboración e/ou redacción, edición e maquetación do Plan de Acción ou de calquera dos seus partes: diagnóstico, identificación de plans e/ou proxectos existentes, aliñación do diagnóstico cos proxectos, plans ou actuacións que se recollan como accións do Plan, sistema de indicadores de seguimento e avaliación, etc.

b) O proceso de participación necesario para a elaboración e desenvolvemento do Plan de Acción.

c) A elaboración de metodoloxías aplicadas aos procedementos de vixilancia, seguimento e avaliación do Plan de Acción que, recollan, como mínimo, os propostos pola AUE.

d) O establecemento, creación ou desenvolvemento de Observatorios de indicadores urbanos.

e) O plan de comunicación do Plan de Acción, mediante páxinas web, redes sociais, etc.

f) Os derivados de actividades de difusión do proxecto e de socialización de resultados.

g) Os derivados da formación e capacitación tanto ao persoal da entidade local, como á cidadanía mediante a convocatoria de cursos, xornadas ou talleres de difusión do contido do Plan de Acción local e do seu proceso de elaboración.

h) Os gastos ocasionados como consecuencia de viaxes, aloxamento e dietas, motivados por reunións de traballo ou de formación e capacitación para a elaboración do Plan de Acción local. O importe máximo subvencionable para este tipo de gastos non poderá superar un 8 % do total do custo do proxecto.

i) De conformidade coa normativa de persoal de cada entidade local, as retribucións de carácter extraordinario que se consideren oportunas cando os traballos relacionados nas letras anteriores realícense polo persoal propio da Entidade Local como funcións adicionais, xustificadas como cofinanciamento.

j) O asesoramento e/ou a asistencia técnica externa que demande a realización de calquera das finalidades establecidas nas letras a) a g), ambas inclusive.

Non serán subvencionables, en ningún caso, os gastos correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido (IVE/IVE) de calquera das actuacións relacionadas no apartado anterior.

No que respecta aos pagos o artigo 11 di que dada a natureza destas subvencións o abono da axuda se realizará mediante un pago único de xeito anticipado.

De conformidade co establecido no artigo 17.3.i) da Lei 38/2003, o prazo máximo de xustificación do cumprimento da finalidade da subvención fixarase na resolución definitiva e, en ningún caso, poderá ser superior a un ano desde a finalización do Plan de Acción.

Deberá xuntarse a seguinte documentación:

Plan de Acción local, aprobado polo órgano competente da Entidade local correspondente que, aínda que non é un fin en si mesmo, marca o inicio do seu proceso de implementación, progreso e avance.

A memoria xustificativa onde se inclúa a certificación da realización efectiva das distintas actividades e actuacións obxecto da axuda, desde que comezaron os traballos de elaboración do Plan de Acción ata o momento da súa finalización, sen prexuízo da obrigaón de presentar os xustificantes que así o avalen no caso de que sexan requiridos. Dita memoria incluírá, tamén, unha conta xustificativa que conterà, polo menos, unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acredor e do documento que o acredite, o seu importe, data de emisión e a súa data de pago, así como as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil, incorporados na relación clasificada dos gastos, a documentación acreditativa do pago e a xustificación de respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente, así como de cumprir coas condicións da etiquetaxe climática previstas por apartado 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

O artigo 7 establece un prazo de presentación de solicitudes de 30 días naturais desde o seguinte á publicación desta convocatoria. Remata, polo tanto, o 13 de outubro de 2021.

Consideracións.



A provincia de Lugo é unha fonte de riqueza natural, patrimonial, paisaxística e cultural de primeira orde, que nas últimas décadas viuse na obrigaón de facer fronte á dispersión e ao envellecemento da poboación como consecuencia dunha configuración territorial na que a maior parte dos nosos municipios teñen menos de 5.000 habitantes.

Tendo en conta esta realidade, a Deputación de Lugo é un instrumento fundamental para favorecer o desenvolvemento social e económico do territorio dunha maneira equilibrada, e ten capacidade de liderar proxectos en colaboración cos 67 concellos da provincia.

Doutra banda, no contexto actual, é imprescindible loitar contra a actual crise provocada pola pandemia da Covid-19, garantindo que ninguén quede atrás e tentando saír dela máis fortes. Para iso, debemos determinar os retos e as oportunidades que o novo escenario ofrece e que pasan por impulsar a reconstrución e a reactivación do territorio desde unha visión estratéxica do país.

Neste contexto, a Deputación de Lugo ten que xogar un papel fundamental á hora de afrontar unha situación tan grave como a que estamos a vivir. Reforzando a vontade de cooperación cos concellos da institución provincial debemos impulsar proxectos tanto con financiamento propio como externa (especial mención, neste caso, aos proxectos europeos) que axuden a aproveitar e desenvolver as potencialidades da provincia e que contribúan a saír reforzados da crise socioeconómica na que nos atopamos.

En 2009 esta Deputación adoptou como folla de ruta o Plan estratéxico da provincia de Lugo ao que se sumou en 2017 o Plan estratéxico de turismo da provincia de Lugo 2017-2020. Esta planificación estratéxica permitiu realizar un deseño orzamentario orientado a resultados.

Coa finalidade de mellorar as políticas públicas provinciais e ante o cambio de paradigma motivado pola pandemia semella necesario reiniciar o ciclo. Resulta imprescindible realizar un novo diagnóstico, que recompila e analice a nosa realidade provincial, que reoriente actuacións deseñadas previamente e que delimite posibles novos fitos coherentes con esta nova realidade e que favorezan o fortalecemento dos compromisos cos grupos de interese así como a construción de modelos máis sostibles e aliñados cos grandes retos globais como é a Axenda Urbana Española.

A Deputación de Lugo ten deseñado desde o ano 2020 un Plan de propostas de acción para a provincia de Lugo a través do fondo de recuperación europeo (NextGeneration EU) polo que, a xuízo de quen subscribe, está en disposición de realizar un proceso de integración de plans, programas e actuacións preexistentes que garden relación cos obxectivos estratéxicos da Axenda Urbana Española tal e como esixe o artigo 5 da Orde reguladora das axudas.

Considerando que se concederán axudas para 10 proxectos de Deputacións Provinciais, Cabidos e Consells insulares e agrupacións de Entidades Locais.

Considerando, así mesmo, que a contía das axudas consistirá nunha cantidade fixa por beneficiario, tendo en conta os diferentes limiares de poboación segundo as cifras oficiais do Padrón referidas ao 1 de xaneiro de 2020 e publicadas polo INE e que as Deputacións asimilaranse ao tramo que corresponda en función da poboación que resulte beneficiada polo Plan de Acción proposto, é dicir, que de resultar beneficiaria, a axuda que lle correspondería á Deputación de Lugo serían 300.000,00€ toda vez que a poboación provincial a 1 de xaneiro de 2020, ascende a 326.426 habitantes.

Tendo en conta que non será subvencionable en ningún dos casos o IVE e que o IVE máximo existente neste intre é do 21%. Tendo en conta, así mesmo, que os posibles gastos de formación subvencionables levan aparelado un IVE menor e que os gastos de persoal non están afectados polo imposto, estímase que a disposición de financiamento máxima que deberá asumir este Organismo Provincial para custear a parte non subvencionada polo MITMA é de sesenta e tres mil euros (63.000,00 €).

Respecto do órgano competente, o Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial, publicado no BOP de Lugo Núm. 202 de data 3 de setembro de 2020, establece no seu artigo 59 que lle corresponde á Xunta de Goberno as seguintes atribucións, entre outras, delegadas do Presidente e do Pleno:

“(…)



6. Aprobado os proxectos de obras e servizos cando sexa da súa competencia a súa contratación.

(...)

8. Adjudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(...)

17. Solicitude de subvencións a organismos oficiais e privados cando a devandita competencia non sexa atribución do presidente/a.

(...)”

Vense considerando que a Xunta de Goberno é a competente tanto en materia de contratación, como de subvencións e convenios cando o seu importe supera o dos contratos menores.

Polo tanto, neste caso a competencia para presentar a solicitude de subvención corresponde á Xunta de Goberno.

(...)”

Á vista dos informes que obran no expediente e considerando que, esta Deputación, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 13.2 da lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións, pode acceder ao devandito programa, e está interesada en acceder as devanditas axudas, fórmase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

1º.- Ordenar a tramitación electrónica, ante o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, nos termos do presente acordo, da solicitude das axudas establecidas na Orde TMA/957/2021, de 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva.

2º.- Asumir o compromiso, no caso de que a Deputación de Lugo resulte beneficiaria das axudas, de elaborar o Plan de acción de conformidade coa metodoloxía da Axenda Urbana, así como o de asumir as previsións establecidas no apartado 2 do artigo 5 da Orde TMA/957/202, é dicir:

a) Asumir formalmente o compromiso de poñer ao dispor do Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana o Plan de Acción aprobado definitivamente, para que este permita o seu coñecemento xeneralizado a través da páxina web da Axenda Urbana Española e

b) Subscribir o compromiso de remitir ao Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana a información derivada da avaliación e seguimento do citado Plan de Acción, mediante o sistema de indicadores proposto pola Axenda Urbana, polo menos cada tres anos durante o tempo de vixencia previsto para o Plan de Acción.

3º.- Aprobar a memoria/ proposta de traballo que se remitirá ao MITMA coa solicitude das axudas e do orzamento das actuacións. Este orzamento é de 300.000,00€ (IVE non engadido) e se axusta á cantidade fixa que a orde reguladora establece para o limiar de poboación, considerando que a Deputación de Lugo ten máis de 300.001 habitantes segundo as cifras oficiais do Padrón referidas ao 1 de xaneiro de 2020 e publicadas polo INE.

No caso de resultar beneficiaria da axuda mencionada no parágrafo anterior (300.000,00 €), a Deputación de Lugo, asume o compromiso de financiar con fondos propios, a parte non subvencionada polo MITMA para a elaboración do Plan de acción (artigo 8.4 da Orde TMA/957/202), relativa aos gastos correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido de calquera das actuacións consideradas como gasto directamente subvencionable (artigo 8.3 da Orde TMA/957/202), e que como máximo ascenderán a 63.000,00 €, considerando que o IVE máximo existente neste intre é do 21%.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS



CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 28 de novembro de 2019, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2019, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 78, de data 4 de abril de 2019.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

En relación aos expedientes que se relacionan referentes á xustificación das subvencións de referencia, procede informar:

1.- Na Xunta de Goberno do día 29 de marzo de 2019, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

2.- Con data 4 de abril de 2019, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 78 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 11 de decembro de 2019, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 19 de decembro de 2019, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 290, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación”, prevé: “ Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2020.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Con data 14 de marzo de 2020, mediante o Real Decreto 463/2020, o Goberno do Estado, declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, no que se sinala:



“1. Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.

2. La suspensión de términos y la interrupción de plazos se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Común de las Administraciones Públicas”.

Con data 30 de maio de 2020, o BOE fai pública a seguinte disposición: “Instrucción de 28 de mayo de 2020 de la Dirección General de Seguridad Jurídica y Fe Pública sobre levantamiento de la suspensión de plazos administrativos” onde se sinala:

“Décimo.- Con efectos desde el 1 de junio de 2020, se deroga la disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, relativa a la suspensión de plazos administrativos. Desde esa misma fecha, el cómputo de los plazos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas”.

Con arreglo ao exposto o día 14 de marzo de 2020, quedaron en suspenso os prazos para a xustificación das subvencións, restando 18 días para o remate dos prazos establecidos nas bases da convocatoria.

Como queira que o día 1 de xuño de 2020, levántase o a suspensión de prazos administrativos, procede reanudar o cómputo dos prazos, quedando fixado o remate do prazo para a presentación das contas xustificativas para o día 18 de xuño de 2020.

8.- Unha vez rematados os prazos de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, revísase a documentación presentada e constátase que presenta deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo a Presidencia desta Deputación, resolveu, con data 07 de xuño de 2021, requirir ás Asociacións Culturais que se relacionan, para que no prazo improrrogable de 10 días, presenten a documentación requirida, advertíndoselles que a non presentación da

documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

9.- Con data 09 de xuño de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

10.- Transcorrido o citado prazo de 10 días que se lles concedeu as asociacións relacionadas, e non sendo atendido o citado requerimento, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, revolveu, con data 16 de xullo de 2021, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno de 11 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

11.- Con data 26 de Xullo de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

12.- Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de Audiencia, as Asociacións Culturais citadas, non presentaron, neste Organismo, a conta xustificativa requirida no punto 11 das Bases da Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2019.

En base ao antedito, esta Xefatura de Servizo, informa:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas,, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades



asociativas, ano 2019, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 290 de 19 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NOME ENTIDADE	CIF	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
ASOC. CULTURAL DE MAIORES E XUBILADOS VÍAS	G27293711	VIAXES CULTURAIS	615,00
APA VISTA ALEGRE DE CERVO	G27030154	VIAXES CULTURAIS E OBRADOIRO DE NADAL INTERCULTURAL	747,00
APA Y EXALUMNOS DE EGB DEL COL. NAL. MIXTO COMARCAL DE FOZ PADRE FEIJOO	G27019371	ENTROIDO, APALPADOR, FESTA FIN DE CURSO	616,00
ASOCIACIÓN DESEMBARCO NORMANDO	G27458348	DESEMBARCO NORMANDO	709,00
ASOC. VECINOS O TORQUES DE MARZAN	G27182187	VIAXE CULTURAL	616,00
ASOC. DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS /AS A FAXARDA DO CEIP GREGORIO SANZ	G27011642	OBRADOIRO DE PERIODISMO	580,00
AS BULIDOIRAS	G27113406	VIAXE CULTURAL	676,00
ASOC. MULLERES RURAIS A XUNTANZA CASTRO DE REI	G27288703	VIAXES CULTURAIS	765,00

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións relacionadas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2019, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 290 de 19 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NOME ENTIDADE	CIF	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
ASOC. CULTURAL DE MAIORES E XUBILADOS VÍAS	G27293711	VIAXES CULTURAIS	615,00
APA VISTA ALEGRE DE CERVO	G27030154	VIAXES CULTURAIS E OBRADOIRO DE NADAL INTERCULTURAL	747,00
APA Y EXALUMNOS DE EGB DEL COL. NAL. MIXTO COMARCAL DE FOZ PADRE FEIJOO	G27019371	ENTROIDO, APALPADOR, FESTA FIN DE CURSO	616,00
ASOCIACIÓN DESEMBARCO NORMANDO	G27458348	DESEMBARCO NORMANDO	709,00
ASOC. VECINOS O TORQUES DE MARZAN	G27182187	VIAXE CULTURAL	616,00
ASOC. DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS /AS A FAXARDA DO CEIP GREGORIO SANZ	G27011642	OBRADOIRO DE PERIODISMO	580,00
AS BULIDOIRAS	G27113406	VIAXE CULTURAL	676,00
ASOC. MULLERES RURAIS A XUNTANZA CASTRO DE REI	G27288703	VIAXES CULTURAIS	765,00

2º.-Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DO PLAN ÚNICO PARA O PROGRAMA DE DEPORTES PARA O ANO 2020 DO CONCELLO DE O VICEDO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación a expediente 2021/PES_03/006516 de renuncia formulada polo Concello de O Vicedo á axuda concedida por importe de oitocentos cincuenta euros (850,00 €) para Actividades deportivas: Cuadrangular Concello O Vicedo e Torneo tenis de mesa que financia os gastos derivados do Programa de Actividades deportivas, incluído no Plan Provincial Único de



Cooperación cos Concellos 2020, que foi aprobado por acordo do Pleno da Deputación de Lugo do 28 de xullo de 2020.

Informa.

Que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrado o 2 de abril de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, publicadas no BOP nº 077, de data 3 de abril de 2020.

Que o alcalde do Concello de O Vicedo presentou, en data 30/06/2021 09:41:29 e numero de expediente 2020/PCC_01/000041, solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020. No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de O Vicedo formulaba como actividades a desenvolver “Cuadrangular Concello O Vicedo e Torneo tenis de mesa”, cunha achega da Deputación Provincial por importe total de oitocentos cincuenta euros (850,00 €).

Que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2020, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, no que se contempla unha achega de oitocentos cincuenta euros (850,00 €) para Programa de actividades deportivas: “Cuadrangular Concello O Vicedo e Torneo tenis de mesa”.

Que tendo en conta o punto 2 das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, de Anticipos, o Concello de O Vicedo solicitou o anticipo da achega provincial concedida para “Cuadrangular Concello O Vicedo e Torneo tenis de mesa” por importe de oitocentos cincuenta euros (850,00 €) (Expediente 2020/PES_03/013035). De acordo ao devandito punto das bases reguladoras o anticipo previsto é de ata o 50 % sobre o importe total da achega, con dispensa de garantía e previa solicitude do concello, é dicir, catrocentos vinte cinco euros (425,00 €).

Que se aprobou tal anticipo por Decreto de data 28/09/2020.

Que o Concello de O Vicedo con data 15/04/2021 18:36:45 e numero de expediente 2021/PES_03/006516 formula solicitude na que expón:

Que renuncia á axuda concedida pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de O Vicedo no Plan Único 2020, no apartado de deportes, debido á non celebración dos dous eventos concedidos. O motivo da non celebración é que as medidas sanitarias establecidas polas autoridades a causa da Covid-19 impedían a celebración normal de ditos eventos.

Que no Servizo de Deportes non constaba a presentación da documentación xustificativa do reintegro do Concello de O Vicedo do anticipo solicitado por importe de catrocentos vinte cinco euros (425,00 €) para Actividades deportivas: noites alternativas.

Que en consecuencia e con data 14/09/2021 13:45, numero de rexistro de saída 2021RPS011001, e numero de expediente 2021/PES_03/006516 o servizo de Deportes, de acordo co previsto no punto 2.3 Anticipos das bases, -na que se prevé que no caso de non executarse ou xustificase a totalidade cantidades ingresada por este concepto, presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación-, tramitou o requirimento ao Concello de O Vicedo para que no prazo adicional e improrrogable de 15 días hábiles e ao abeiro do sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, presentase a documentación esixida.

Que consta no expediente electrónico o envío de notificación de requirimento de conta xustificativa de data 14/09/2021 14:17:00, e que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 14/09/2021 13:45.

1. Visto que con data 24/09/2021 13:26:38 e número de expediente 2021/PES_03/006516, e por tanto dentro do prazo de 15 días previsto na anteriormente referida disposición o Concello de O Vicedo presentou a través da sede electrónica da Deputación de Lugo, a documentación acreditativa do reintegro do anticipo aboadado.



2. Que de acordo co previsto no artigo 94 Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións publicas, procede aceptar de plano a mencionada renuncia polo importe indicado.

3. Que en consecuencia, cómpre tramitar a referida solicitude e aceptar de plano a mencionada renuncia formulada por don José Jesús Novo Martínez, en calidade de alcalde do Concello de O Vicedo, á axuda concedida por importe de oitocentos cincuenta euros (850,00 €) para Actividades deportivas: Cuadrangular Concello O Vicedo e Torneo tenis de mesa dentro do Programa de Actividades deportivas, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a renuncia á axuda concedida por importe de oitocentos cincuenta euros (850,00 €) ao Concello de O Vicedo para Actividades deportivas: Cuadrangular Concello O Vicedo e Torneo tenis de mesa que financia os gastos derivados do Programa de Actividades deportivas, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, aprobada por acordo do Pleno da Deputación de Lugo do 28 de xullo de 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeira.- *Dación de conta Sentenza nº169/2021.*

Dase conta da sentenza nº 169/2021, de 28 de xuño, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 60/2021-C, seguido a instancia de D^a. Sara Arias Chao fronte á resolución desta entidade de data 15 de maio de 2020 que resolve de forma definitiva o procedemento selectivo para una plaza de técnico superior de edificaciones e obras del plantel funcional da Deputación, e en cuxo fallo di o seguinte: “*Desestimar el recurso*

contencioso-administrativo interpuesto por la procuradora Sra. Sobrino Nieto, en la representación indicada, contra el acto administrativo objeto de este recurso.”. A Xunta de Goberno queda enterada.

Segunda. - *Dación de conta do Decreto da Presidencia de data 1 de outubro de 2021.*

Dase conta da resolución da Presidencia de data 1 de outubro de 2021 pola que se resolve a comparecencia dos letrados da Asesoría Xurídica en concepto de prexudicada e como denunciante ante as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpo Nacional de Policía, achegando informe do Adxunto do Xefe de Servizo de Comunicación e Tic's de 30 de setembro de 2021. A Xunta de Goberno queda enterada.

A S U N T O S D E U R X E N C I A

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptáronse os seguintes acordos:

PROPOSTA DA PRESIDENCIA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA HORA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 15 DE OUTUBRO DE 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil dezanove, polo que se fixa o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno.

No dito acordo recóllese que a Xunta de Goberno celebrará sesión os venres de cada semana, as once horas. E que: “de non celebrarse no día e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do mércores seguinte, e salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil”.



Así mesmo, no mentado acordo do Pleno de trinta de xullo de 2019, sinálase que: “Todo elo sen prexuízo de que a Xunta de Goberno poida cambiar por acordo da mesma o día e a hora da celebración das súas sesións, dando conta ó Pleno da Corporación, de conformidade cos arts. 100 e 101 do Regulamento Orgánico da Corporación”.

Tendo en conta que á hora sinalada para á sesión da Xunta de Goberno próxima, prevista para o día quince do presente mes de outubro, por motivos de axenda dos señores deputados, é probable que non exista quorum suficiente para a súa celebración, esta Presidencia propón á Xunta de Goberno, previa declaración de urxencia motivada en que a presente sesión será a inmediata anterior á do día quince de outubro, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Modificar a hora de celebración da sesión ordinaria da Xunta de Goberno correspondente ó día quince do presente mes de outubro, de xeito que a mesma se inicie ás nove horas e trinta minutos.

2º.- Dar conta do presente acordo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS RELATIVO Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DIXITALIZACIÓN DA SERIE DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO ENTRE OS ANOS 1834 E 1961.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe da Arquivista da Deputación de Lugo, con CSV: IV7FSKCMHRMK7ZBYVR5HMABQ7Y que figura no expediente, do seguinte tenor literal:

“A raíz das dúbidas presentadas polas empresas candidatas á adxudicación do contrato e despois de consultalas con persoal da AMTEGA e de Galiciana, Biblioteca Dixital de Galicia,

detectouse un erro no Prego de Prescricións Técnicas que afectaba principalmente aos metadatos asociados ás imaxes dixitais.

A orixe dese erro radica en que, para a elaboración do prego, empregáronse como base os “Requerimentos técnicos para proxectos de dixitalización en Galicia” orientados á dixitalización de fondos documentais cando o Boletín Oficial da Provincia de Lugo é unha publicación seriada e, por tanto, debe axustarse aos requirimentos técnicos para a dixitalización de fondos bibliográficos.

Isto tamén supón un cambio na codificación dos metadatos asociados ás imaxes dixitais, que pasan de EAD a MARC XML e tamén na estrutura de directorios resultante do proceso.

Aplicar os requirimentos técnicos axeitados supoñuxo un cambio total do punto 6 do Prego de Prescricións Técnicas (Formatos de entrega e nomeado de ficheiros) e certas modificacións puntuais no relativo ás denominacións “Arquivo dixital” (que foi substituído por “Biblioteca dixital”), “Arquivo de Galicia” (que foi substituído por “Biblioteca de Galicia”), así como outras modificacións relacionadas. Do mesmo xeito, aproveitouse o cambio para introducir aclaracións relacionadas coas dúbidas que nos formularon as empresas na súa visita ao Arquivo Xeral o 4 de outubro de 2021.

Prégase que, unha vez elaborado e entregado o novo prego, sea levado á próxima Xunta de Goberno do día 8 de outubro de 2021 para a súa aprobación, con vistas a aproveitar o máximo posible os prazos dados pola AMTEGA para a entrega dos materiais dixitalizados.”

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7FSKBO3DVPR7MDYMXRMIAQAA, conformado pola Secretaria Xeral, relativo a que a aprobación dun novo prego de prescricións técnicas derivado da rectificación de cuestións meramente técnicas, non afecta ao informado xuridicamente nin ao resto de documentación que integra o expediente,

Á vista do exposto, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:



1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas con CSV IV7FSKCIPAB733XC4QU555RQEY, rectificado nos termos recollidos no informe reproducido anteriormente, mantendo o resto de documentación que integra o expediente coa salvedade de que todas as referencias ao CSV do PPT entenderanse realizadas ao CSV IV7FSKCIPAB733XC4QU555RQEY.

2º.- Retrotraer o procedemento ao momento da publicación na plataforma de contratación do sector público do anuncio de licitación, publicando por este mesmo medio o prego de prescricións técnicas rectificado e outorgar un novo prazo de licitación de 15 días naturais, contados a partir da publicación do anuncio de licitación na referida plataforma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.